

**DEPARTAMENTO DE MÚSICA
IES DO CASTRO
VIGO
CURSO 2012-2013**

**Programación Didáctica das materias adscritas ó
Departamento de Música.**

Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

Profesorado do Departamento de Música:

**Jorge Domonte Pereiro (Xefe de Departamento)
Rosalía Polo Cal**

ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

INTRODUCCIÓN

A música é unha das principais manifestacións culturais habidas ao longo dos tempos, a través da cal homes e mulleres expresaron o seu mundo interior, as súas inquedanzas, pensamentos e emocións, dun xeito artístico e excepcional. Así mesmo, é unha arte viva e experiencial, que lle permite a todo o alumnado experimentar coas súas posibilidades instrumentais, vocais e de movemento, a través do coñecemento dos procedementos compositivos constitutivos desta arte. A posibilidade de gravar o son fixo que se modificasen sensiblemente as relacións entre creadores, intérpretes e público; en efecto, os medios de comunicación contribúen á difusión masiva desta arte, ao mesmo tempo que as tecnoloxías da comunicación permiten ampliar considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas ás súas achegas a toda a produción musicográfica mundial. Neste senso, a música faise presente en todas as opcións de lecer da mocidade: os concertos en vivo, os CD, reprodutores de música en formato dixital, a televisión, os videoxogos, o cine, a publicidade, a internet, etc.

A materia de música na educación secundaria obrigatoria ten como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria, situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto, cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais doutros pobos.

Por estes motivos, a educación neste ámbito na etapa secundaria obrigatoria quere ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia, ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e á ampliación do propio horizonte estético. A vía de consecución destes obxectivos é a través da audición, da interpretación e da creación propia e allea.

Alcanzar estes obxectivos esixe do noso alumnado o afianzamento da súa iniciativa propia e do sentido crítico sobre as manifestacións musicais que a sociedade da comunicación pon ao seu alcance. Tomar conciencia do gusto estético propio esixe así mesmo, o desenvolvemento de valores persoais como os da dignidade, a liberdade, a autoestima e a seguridade nun mesmo, entre outros valores, especialmente no desenvolvemento artístico da práctica musical e do movemento en grupo, que require respecto e coordinación cos demais.

O alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria e que son: a escoita, a interpretación, a creación e os contextos musicais.

A escoita engloba a percepción e a introspección analítica desta que completa e dá sentido á percepción formal, tímbrica, rítmica, etc., da música. Nesta etapa, o alumnado está en condicións de desenvolver as capacidades que lle permitan escoitar activamente e comprender globalmente distintas manifestacións musicais, producidas en períodos históricos precedentes, nos momentos actuais e na propia aula de música.

A interpretación e creación refírese á capacitación do alumnado para que este sexa quen de desenvolver, ben individualmente, ben coas súas compañeiras e compañeiros accións musicais que impliquen a voz, os instrumentos e o movemento. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar a consecución dun dominio básico de técnicas vinculadas ao canto, a interpretación instrumental, individual e de grupo, e as que conducen ao movemento e á danza. Estes dous bloques están pois, estreitamente ligados á expresión.

O bloque contextos musicais, inclúe contidos relacionados cos referentes culturais das músicas e o seu papel nos distintos contextos sociais e culturais, é dicir, que o bloque se vertebra a partir duns contidos referenciais a través dos cales pivota a historia da música occidental en que se insire a nosa tradición musical.

En cuarto curso, onde a materia é opcional, o primeiro dos bloques é Audición e referentes musicais, que se relaciona directamente co eixo mencionado de escoita. O segundo bloque, Interpretación e creación, enmárcase no ámbito de expresión e recolle todos aqueles contidos vinculados coa interpretación vocal e instrumental, o movemento e a danza, a improvisación, a elaboración de arranxos e a composición, así como a participación en proxectos musicais de diversa índole. O terceiro bloque, que está moi vinculado cos anteriores, é Música e tecnoloxías; como se deriva do seu encabezamento, introduce contidos que permiten coñecer e utilizar ferramentas tecnolóxicas en actividades de audición e produción musical.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES do Castro atópase no centro da cidade de Vigo, polo que o seu alumnado é de procedencia urbana.

Os nosos grupos de alumnos e alumnas son bastante heteroxéneos, con estudantes de todo tipo. Polo que se refire especificamente á materia de música esta heteroxeneidade é especialmente destacable dado que na maioría dos grupos temos algúns alumnos e alumnas que están realizando estudos musicais nos conservatorios ou escolas de música da cidade.

En xeral o noso alumnado ten acceso a un ordenador e a internet no seu fogar. En todo

caso no centro hai ordenadores a disposición na biblioteca que poden ser utilizados fora do horario lectivo (recreos e dúas tardes á semana). Isto facilita o uso das TIC nas nosas propostas.

Para o presente curso en segundo de ESO haberá unha sección bilingüe de inglés en dous grupos. Contamos con que isto facilite o desenvolvemento da programación debido á redución de número de estudantes por grupo.

En terceiro de ESO e nun dos primeiros de Bacharelato os grupos son moi numerosos. No resto o número é razoable.

Contamos cun aula de música be dotada de instrumentos e equipo de son pero pequena para albergar ós grupos grandes, o cal dificultará o desenvolvemento das actividades que esixan movemento corporal.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal, mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á competencia social e cidadá. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á competencia en comunicación lingüística, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Desde o punto de vista da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música contribúe á competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A ensinanza da música nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
2. Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
3. escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
4. Recoñecer as características de diferentes obras patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
5. Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
6. Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.
7. Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.
8. Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
9. Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.
10. Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

CONTIDOS

2º E 3º DA ESO.

Bloque 1. escoita.

- * Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
- * Elementos que interveñen na construción duna obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
- * Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- * Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- * Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.
- * A música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e doutras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto aos demais durante a escoita.
- * Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e creación musical.
- * Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Bloque 2. Interpretación.

- * As características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
- * Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
- * Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. A interpretación individual e en grupo.
- * Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
- * As grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
- * Experimentación e práctica das distintas técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
- * Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
- * Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- * Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
- * Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/as e outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- * Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a

aportación das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
* Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias e respecto ante outras formas de expresión.

Bloque 3. Creación.

- * A improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e a selección de distintos tipos de organización musical.
- * Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das diferentes actividades que se realizan na aula.
- * Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.
- * Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.
- * Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
- * Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

Bloque 4. Contextos musicais.

- * Recoñecemento e localización nas coordenadas espacio-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- * A pluralidade de estilos na música actual. Características culturais, artísticas e formais.
- * A música ao servizo doutras linguaxes; corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
- * Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- * O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.
- * Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

CONTIDOS ESPECÍFICOS EN 2º ESO

1. Os parámetros do son: o son como materia prima da música e o son como fenómeno físico. Calidades do son.
2. Elementos básicos da linguaxe musical e a súa función: a escritura musical: pentagrama, claves, notas e figuras. As alteracións.
3. A forma: células, motivos, frases. Recoñecemento e diferenciación ante a execución e a audición.
4. Os instrumentos como medio de expresión musical: clasificación dos instrumentos orquestrais segundo a técnica de produción do son. Tipoloxía,

familia, grupo e subgrupo.

5. Agrupacións instrumentais populares de Galicia, e máis representativas do Estado español. Formacións máis características da música étnica.

6. Música vocal e instrumental.

7. A música e o teatro. A música e a danza: estilos e tipos de danzas básicas (populares, históricas e de salón). O ballet.

8. A música e as artes plásticas: coñecemento dalgunhas representacións musicais nas artes plásticas.

9. A música tradicional. Manifestacións vocais e instrumentais da música popular de Galicia. Organoloxía.

10. Achegamento á música doutras culturas: situación da audición ou interpretación en coordenadas xeográficas aproximadas.

CONTIDOS ESPECÍFICOS EN 3º ESO

1. Linguaxe musical: medida e entoación de cancións con brancas, negras, corcheas, puntillo.

2. Xéneros musicais na cultura occidental. Música relixiosa e profana.

3. As orixes da música occidental. Música monódica e polifónica. A música na Idade Media.

4. A música no Renacemento. A polifonía relixiosa e profana do Renacemento. A música instrumental do Renacemento.

5. O Barroco musical. A música ó servizo da relixión e da monarquía. Os músicos no Barroco. A música vocal profana: as orixes da ópera. A música e a relixión: oratorio, cantata e paixón. Formas instrumentais barrocas: suite, sonata, concerto.

6. Música e músicos do Clasicismo. Formas instrumentais do Clasicismo: sonata, sinfonía e concerto. Os músicos no Clasicismo.

7. A música sinfónica no Romanticismo: a sinfonía. A música de cámara. O piano romántico. O lied. Os músicos no Romanticismo.

8. A música na sociedade contemporánea. Movementos musicais no cambio do século: Impresionismo, Nacionalismos. A música do século XX deica a 2ª Guerra Mundial: Neoclasicismo, Dodecafonismo. As correntes musicais despois da 2ª Guerra Mundial. Incidencia das novas tecnoloxías.

9. A música e o teatro. A música e a danza: estilos e tipos de danzas básicas (populares, históricas e de salón). O ballet.

10. Achegamento á música doutras culturas: situación da audición ou interpretación en coordenadas xeográficas aproximadas.

CONTIDOS EN 4º ESO.

Bloque 1. Audición e referentes musicais.

* A música como un elemento cunha presenza constante na vida das persoas: a audición de música na vida cotiá, nos espectáculos e nos medios audiovisuais. Reflexión sobre esa presenza incesante nas nosas vidas e a necesidade do silencio.

* Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.

* Utilización de distintas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e

outras manifestacións musicais tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.

* A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e as modas musicais.

* A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.

* A edición, a comercialización e a difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os profesionais da música e a industria musical.

* Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

* Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.

Bloque 2. Interpretación e creación.

* Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental e no movemento e a danza.

* Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.

* Utilización de diferentes técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, a elaboración de arranxos e a creación de pezas musicais.

* Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.

* Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das distintas facetas e especialidades no traballo dos músicos.

* Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo e a creación musical.

* Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

Bloque 3. Música e tecnoloxías.

* O papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos ordenadores.

* Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.

* Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

* Aplicación de diferentes técnicas de gravación, analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

* Análise das funcións da música en distintas producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.

* Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

* Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o

registro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 2º DA ESO.

1. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais, facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló duna simple opinión non sustentada no coñecemento.

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical. Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento. Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical. Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical. Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 3º DA ESO.

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula. Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz de situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais, facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló duna simple opinión non sustentada no coñecemento.

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical. Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a

capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento. Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical. Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical. Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN 4º DA ESO.

1. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento do alumnado acerca do papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.

2. Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describir as súas principais características.

Este criterio intenta avaliar a capacidade do alumnado para identificar algúns dos trazos distintivos dunha obra musical e para describir, utilizando unha terminoloxía adecuada, aspectos relacionados co ritmo, a melodía, a textura ou a forma. A análise realizarase sempre en situacións contextualizadas e a partir da audición de obras previamente traballadas na aula ou con características similares a estas.

3. Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación á información obtida en distintas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para expresar unha opinión fundamentada respecto duna obra ou dun espectáculo musical, así como a habilidade para comunicar, de forma oral ou escrita, e argumentar correctamente as propias ideas apoiándose na utilización de diferentes fontes documentais.

4. Ensaia e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental ou unha coreografía aprendidas de memoria a través da audición ou observación de gravacións de audio e vídeo ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

Con este criterio trátase de comprobar a autonomía do alumnado e a súa disposición e colaboración con outros membros do grupo, seguindo os pasos necesarios e introducindo as medidas correctivas adecuadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

5. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.

A través deste criterio preténdese valorar o coñecemento do alumnado dos pasos a seguir na organización e posta en marcha dun proxecto musical, a súa iniciativa e o seu interese pola procura de solucións ante os problemas que poidan xurdir.

6. Explicar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a

intervención de distintos profesionais.

Este criterio pretende avaliar o coñecemento do alumnado sobre o proceso seguido en distintas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc) e o papel xogado en cada unha das fases do proceso polos diferentes profesionais que interveñen.

7. Elaborar un arranxo para unha peza musical a partir da transformación de distintos parámetros (timbre, número de voces, forma, etc) nun ficheiro MIDI, utilizando un secuenciador ou un editor de partituras.

Con este criterio inténtase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar diferentes recursos informáticos ao servizo da creación musical. Trátase de valorar a aplicación das técnicas básicas necesarias para utilizar algúns dos recursos tecnolóxicos ao servizo da música e a autonomía do alumnado para tomar decisións no proceso de creación.

8. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.

Este criterio pretende comprobar os criterios de selección de fragmentos musicais adecuados á secuencia de imaxes que se pretende sonorizar e a aplicación das técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual, e pode desenvolverse en coordinación coa materia de educación plástica e audiovisual.

SECUENCIA DE CONTIDOS

Continuamente ó longo do curso, en todos os niveis, iremos alternando os contidos teóricos con linguaxe musical e creación, audición e interpretación de partituras de crecente complexidade. Nos contidos teóricos combinaremos aqueles máis técnicos referidos á linguaxe musical, con outros de carácter máis sociolóxico ou artístico.

SECUENCIA DE CONTIDOS EN 2º DE ESO

- Cualidades do son
- Música no cine
- O ritmo
- O rock
- Melodía e armonía
- Hip hop, rap, sons urbanos
- A voz
- A ópera
- Os instrumentos musicais
- A música funk
- A textura musical
- A música tradicional africana
- A forma musical

- A música new age
- A música popular urbana
- O jazz
- A música e as artes escénicas (danza e teatro)
- A música latina
- O folclore musical
- O folclore musical galego

SECUENCIA DE CONTIDOS EN 3º DA ESO

- Música medieval
- A música reggae
- O acorde
- Músicas do mundo: música árabe
- Música renacentista
- A música disco
- As escalas
- Músicas do mundo: a música china
- Música barroca
- O soul
- As alteracións
- Músicas do mundo: a música latinoamericana
- A música do clasicismo
- Heavy metal
- As escalas e a tonalidade
- Músicas do mundo: a música de Oceanía
- A música do romanticismo
- O techno
- A tonalidade e os acordes
- Músicas do mundo: a música romaní
- A música do século XX
- Os cantautores
- Músicas do mundo: a música do Caribe
- A música no cine, na radio e na televisión
- A música e as TIC

SECUENCIA DE CONTIDOS EN 4º DA ESO

- A música e os medios de comunicación
- Músicas do século XXI
- A música e as novas tecnoloxías: o software musical
- A música electrónica
- As profesións da música
- A música fusión
- A produción musical
- A música e a escena
- Músicas do mundo
- A música no cine
- O musical

TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS EN 2º DE ESO

1º TRIMESTRE

- Cualidades do son
- Música no cine
- O ritmo
- O rock
- Melodía e armonía
- Hip hop, rap, sons urbanos

2º TRIMESTRE

- A voz
- A ópera
- Os instrumentos musicais
- A música funk
- A textura musical
- A música tradicional africana
- A forma musical
- A música new age

3º TRIMESTRE

- A música popular urbana
- O jazz
- A música e as artes escénicas (danza e teatro)
- A música latina
- O folclore musical
- O folclore musical galego

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS DE 3º DA ESO

1º TRIMESTRE

- Música medieval
- A música reggae
- O acorde
- Músicas do mundo: música árabe
- Música renacentista
- A música disco
- As escalas
- Músicas do mundo: a música china
- Música barroca
- O soul
- As alteracións
- Músicas do mundo: a música latinoamericana

2º TRIMESTRE

- A música do clasicismo
- Heavy metal
- As escalas e a tonalidade
- Músicas do mundo: a música de Oceanía
- A música do romanticismo
- O techno
- A tonalidade e os acordes
- Músicas do mundo: a música romaní
- A música do século XX

- Os cantautores
- Músicas do mundo: a música do Caribe

3º TRIMESTRE

- A música no cine, na radio e na televisión
- Historia da música no cine
- Aplicacións da música nunha película
- O cine musical
- A música e a radio
- O videoclip
- A música e as TIC
- A gravación e a reprodución sonora
- Os instrumentos musicais e as novas tecnoloxías
- A informática musical
- Internet e a música

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS DE 4º DA ESO

1º TRIMESTRE

- A música e os medios de comunicación
- A música do século XXI
- A música e as novas tecnoloxías: o software musical
- A música electrónica

2º TRIMESTRE

- As profesións da música
- A música fusión
- A produción musical
- Músicas do mundo

3º TRIMESTRE

- A música e a escena
- A música no cine
- O musical

MÍNIMOS ESIXIBLES

CONTIDOS MÍNIMOS EN 2º DE ESO.

- Elementos básicos da linguaxe musical e a súa función: a escritura musical: pentagrama, claves, notas e figuras. As alteracións.
- Os instrumentos como medio de expresión musical: clasificación dos instrumentos orquestrais segundo a técnica de produción do son. Tipoloxía, familia, grupo e subgrupo.
- Música vocal e instrumental.
- A música tradicional. Manifestacións vocais e instrumentais da música popular de Galicia. Organoloxía.

CONTIDOS MÍNIMOS EN 3º DE ESO.

Linguaxe musical: medida e entoación de cancións con brancas, negras, corcheas, puntiño.

- As orixes da música occidental. Música monódica e polifónica. A música na Idade Media.
- A música no Renacemento. A polifonía relixiosa e profana do Renacemento. A música instrumental do Renacemento.
- O Barroco musical. A música ó servizo da relixión e da monarquía. Os músicos no Barroco. A música vocal profana: as orixes da ópera. A música e a relixión: oratorio, cantata e paixón. Formas instrumentais barrocas: suite, sonata, concerto.
- Música e músicos do Clasicismo. Formas instrumentais do Clasicismo: sonata, sinfonía e concerto. Os músicos no Clasicismo.
- A música sinfónica no Romanticismo: a sinfonía. A música de cámara. O piano romántico. O lied. Os músicos no Romanticismo.
- A música na sociedade contemporánea. Movements musicais no cambio do século: Impresionismo, Nacionalismos. A música do século XX deica a 2ª Guerra Mundial: Neoclasicismo, Dodecafonismo. As correntes musicais despois da 2ª Guerra Mundial. Incidencia das novas tecnoloxías.

CONTIDOS MÍNIMOS EN 4º DE ESO.

- A música como un elemento cunha presenza constante na vida das persoas: a audición de música na vida cotiá, nos espectáculos e nos medios audiovisuais. Reflexión sobre esa presenza incesante nas nosas vidas e a necesidade do silencio.
- Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
- A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e as modas musicais.
- Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
- Utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.
- Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a

lectura de partituras con diversos tipos de notación.

- Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música no ámbito persoal.
- O papel das tecnoloxías na música.
- Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.
- Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Traballos escritos
- Exposición oral de traballos
- Exames teóricos
- Exames prácticos
- Observación por parte do profesorado da traxectoria do alumnado facendo fincapé nos seguintes puntos:
 - coidado do material
 - actitude
 - avance nas destrezas

PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

- Exercicios de lectura musical e de interpretación con frauta de bico e instrumentos de placas. Estes exercicios faranse utilizando as partituras do curso anterior con dificultade crecente para valorar as capacidades do alumnado.
- Proba oral sobre os conceptos básicos do curso precedente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º ESO

O alumnado deberá entregar todos os traballos teóricos realizados dentro e fora da aula para a súa corrección e cualificación na data prevista polo docente. As entregas realizadas con atraso penalizaranse con -0,5 puntos sobre dez por cada día de atraso.

Ó final de cada trimestre o alumnado entregará totalidade dos traballos realizados, o libro, o caderno de pentagramas e a frauta para a súa revisión. A data de entrega deste traballos será fixada pola docente con anterioridade. O alumnado perderá o dereito á realización da media aritmética se non entrega os traballos ó final de cada trimestre.

Respecto ás faltas de ortografía, penalizaranse con -0,01 puntos por cada falta ortográfica, sendo así en calquera das probas realizadas, sexan exames ou non.

A cualificación final de cada trimestre será a media aritmética obtida entre tódalas probas realizadas durante o mesmo, tanto no que se refire a teoría como a práctica. E

conveniente sinalar que a cualificación mínima para poder optar á realización da media aritmética é de 3,5 para cada proba, tanto na práctica como na teoría. Procederase a realizar as recuperacións pertinentes para iso.

O redondeo numérico da media aritmética realizarase positivamente, é dicir, á alza, cando a actitude do alumnado sexa positiva, e á inversa se a actitude fora negativa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 3º ESO.

O alumnado deberá entregar todos os traballos teóricos realizados dentro e fora da aula para a súa corrección e cualificación na data prevista polo docente. As entregas realizadas con atraso penalizaranse con -0,5 puntos sobre dez por cada día de atraso.

Ó final de cada trimestre o alumnado entregará totalidade dos traballos realizados, o libro, o caderno de pentagramas e a frauta para a súa revisión. A data de entrega deste traballos será fixada pola docente con anterioridade. O alumnado perderá o dereito á realización da media aritmética se non entrega os traballos ó final de cada trimestre.

Respecto ás faltas de ortografía, penalizaranse con -0,01 puntos por cada falta ortográfica, sendo así en calquera das probas realizadas, sexan exames ou non.

A cualificación final de cada trimestre será a media aritmética obtida entre tódalas probas realizadas durante o mesmo, tanto no que se refire a teoría como a práctica. E conveniente sinalar que a cualificación mínima para poder optar á realización da media aritmética é de 3,5 para cada proba, tanto na práctica como na teoría. Procederase a realizar as recuperacións pertinentes para iso.

O redondeo numérico da media aritmética realizarase positivamente, é dicir, á alza, cando a actitude do alumnado sexa positiva, e á inversa se a actitude fora negativa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 4º ESO

Neste nivel o alumnado ten acadado un grao de madurez que permite dar moito espazo á reflexión conxunta e ó debate. Debido a isto a elaboración dos contidos teóricos farase fundamentalmente a través da lectura de textos e da discusión no grupo, facendo referencia continua á realidade do alumnado. Por tanto a cualificación farase en función da participación e aportación do alumno ou alumna (30%), así como a través de pequenos escritos de reflexión sobre os temas tratados (20%). Polo tanto, no seu conxunto este apartado constituirá un 50% da nota.

Traballo e exposición sobre algún dos temas traballados na clase: 5%.

Sonorización dunha secuencia de imaxes: 10%

Elaboración dun arranxo musical: 10%

O 25% restante corresponde á parte práctica. Neste apartado valorarase moito a actitude (15%). Ademais valorarase o interese por avanzar nas destrezas musicais (10%).

PLANS DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Para as materias pendentes os contidos esixibles serán os contidos mínimos correspondentes ó curso non superado.

Farase un programa de reforzo que abarcará distintos ámbitos:

–Para o alumnado que está cursando música no curso seguinte ó non superado terá un reforzo específico dentro do traballo de aula.

–Para todo o alumnado con materias pendentes (tanto esté cursando a materia de Música no curso no que se atope como non) haberá un profesor do departamento dispoñible na aula de música no recreo dun día concreto da semana para dúbidas e para facer un seguimento da evolución do alumnado.

O alumnado coa materia pendente terá que entregar un traballo por escrito cada trimestre. Estes traballos están baseados nos contidos mínimos da materia non superada. No caso de necesitar orientación para a realización dos mesmos poden recorrer ó profesor ou profesora no recreo designado.

En caso de non presentar os traballos ou estes non acadar o nivel mínimo esixible deberán presentarse a un exame final sobre os mesmos contidos que será realizado a final do mes de maio.

Para a parte práctica da materia consideramos dous posibles casos:

–Alumnado que cursa música no curso seguinte: o traballo práctico será valorada no transcurso desa materia.

–Alumnado que non está cursando música e ten a materia do curso anterior: terá que realizar unha pequena proba práctica básica en cada trimestre. A axuda para a preparación de dita proba será feita nos recreos nos que haberá un profesor ou profesora do departamento ofrecendo apoio na aula de música.

PROCEDIMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para a parte teórica valoraranse os traballos entregados. En caso de ser satisfactorios a parte teórica da materia será superada. En caso de non ser satisfactorios terán que presentarse ó exame final que terá lugar en maio.

Para a parte práctica o alumnado cursando música na aula terá que acadar o nivel mínimo esixible para e para o alumnado que non está cursando música terá que demostrar unha habilidade mínima nas pequenas probas prácticas trimestrais.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía que utilizaremos na materia de Música nos distintos niveis será fundamentalmente práctica. Non queremos perder de vista que a Música é ante todo un arte e consideramos que a nosa materia ten que estar ó servizo do disfrute e enriquecemento persoal, por iso os contidos teóricos tenderán sempre a apoiar isto. Con este fin os contidos teóricos serán na medida do posible complementados cunha actividade práctica (tanto na audición como na interpretación).

Combinaremos o traballo individual co traballo de grupo tanto nos aspectos de interpretación musical como na realización de traballos teóricos.

Usaremos unha metodoloxía activa dando o maior protagonismo posible ó propio alumnado nos seus procesos de aprendizaxe, abrindo espazos para a busca de información, a reflexión e o compartir entre compañeiras e compañeiros.

Ademais será activa na busca de información, na reflexión, elaboración e exposición de ideas, dando espacio o alumnado para desenvolver a propia autonomía no proceso de aprendizaxe.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na materia de música é habitual atopar unha gran diversidade entre o alumnado debido a presenza de estudantes de música en conservatorio así como a de estudantes que presentan dificultades no desenvolvemento de destrezas musicais. Debido a isto é fundamental atender á diversidade. Isto farémolo dando opcións de partituras de diferente dificultade así como na escolla de instrumentos nas obras interpretadas en grupo. Tamén se dará a opción de escoller instrumentos que se adapten máis ás capacidades do alumno ou alumna (por exemplo dando a opción da frauta contralto ó alumando máis avanzado).

Nos casos necesarios darase a posibilidade de facer traballos de ampliación.

Tamén recorreremos á tutoría entre iguais, dando a posibilidade ó alumnado máis avanzado de axudar ós seus compañeiros e compañeiras. Deste xeito poden arraigar máis profundamente o seu propio coñecemento e para a persoa que recibe a tutoría abrimos unha nova posibilidade de aprendizaxe.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A materia de música permítenos estimular o desenvolvemento de valores específicos no alumnado.

En primeiro lugar o respecto ó ben común, dado que continuamente na aula de música utilizaremos os instrumentos de propiedade colectiva que o alumnado terá que coidar para que este se manteña en condicións de uso para os outros grupos e para grupos de vindeiros cursos (este valor sumaríase ó de coidado do propio material que sen dúbida será traballado en todas as áreas e materias).

Tamén traballaremos os valores que se derivan da interpretación en grupo, que require actitudes construtivas así como de respecto por todos os compañeiros e compañeiras. Este tipo de actividades poden axudar ó alumnado a comprender na práctica os efectos positivos que a colaboración construtiva e o respecto mutuo teñen para a persoa e para o grupo. Complementariamente poden por en evidencia o efecto destrutivo que se deriva das actitudes que non teñen en conta o ben común reforzando así estes valores.

Para reforzar estes aspectos durante as actividades de interpretación musical en grupo o profesorado fará referencia explícita ó paralelismo existente entre o funcionamento do individuo no grupo musical co do funcionamento do individuo na sociedade.

Ademais na materia de música podemos contribuír ó desenvolvemento do valor de solidariedade. Na maioría dos grupos contamos con algúns alumnos e alumnas que estudan música no conservatorio. Eles e elas terán a ocasión de axudar ó alumnado con máis dificultades. Este valor tamén se desenvolve ó estimular a inclusión de todo o alumnado nas interpretacións en grupo, independentemente da súa destreza.

Un punto de especial importancia no que se refire ós valores é o do respecto polo gusto das outras persoas. Nestas idades é frecuente a identificación con determinados grupos e estilos musicais para reforzar a propia identidade. Moitas veces esta identificación faise a expensas dunha oposición a outros grupos ou estilos musicais, o que leva a un xuízo e exclusión de persoas polo seu gusto musical (e doutros tipos). Debido a isto nesta materia temos a importantísima labor de axudar ó alumnado a desenvolver actitudes tolerantes e abertas cara expresións artísticas de todo tipo e ás preferencias de toda persoa.

Consideramos especialmente destacable a contribución que esta materia pode facer para desenvolver no alumnado o respecto por manifestacións culturais de outros pobos, dado que estas forman parte da programación e moitas veces son usadas músicas de distintos contextos culturais.

Por último citamos aquí unha parte importante da introdución: "Tomar conciencia do gusto estético propio esixe así mesmo, o desenvolvemento de valores persoais como os da dignidade, a liberdade, a autoestima e a seguridade nun mesmo, entre outros valores, especialmente no desenvolvemento artístico da práctica musical e do movemento en grupo, que require respecto e coordinación cos demais."

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR

En cada trimestre farase unha actividade de lectura entre as seguintes:

- Lectura e comentario de noticias musicais en xornais ou páxinas web
- Lectura e comentario dos libretos que acompañan ós CDS.
- Lectura de información sobre un determinado compositor, grupo ou estilo para a elaboración de traballos (orais ou escritos).
- Lectura de textos literario-musicais (para este curso a proposta é "Cuentos de música y músicos" de ETA Hoffman). Despois da lectura o alumnado poderá relatar o conto

escollido ó conxunto da clase.

–Para 3º ESO. Lectura de textos de épocas da historia de Música. Despois da lectura o alumno ou alumna deberá extraer cinco ideas principais e facer unha reflexión relacionando o texto coa época. Algúns exemplos:

–Cartas de Mozart

–Testamento de Beethoven

–Contrato de Haydn

–Críticas de concertos

–Ópera bufa ópera seria (querelle des bufons)

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC

- Busca de información para os traballos escritos e de exposición oral. Esta acción contribúe tamén ó fomento da lectura.

- Uso do programa Musescore de escritura e edición musical (unha ou dúas sesións en 2º ESO)

- Uso do programa Audacity para crear música a partir de mezclas con distintas actividades para os distintos cursos:

–3º ESO. Facer unha mistura dunha obra dalgunha das épocas estudadas utilizando distintas versións da mesma. Interpretación e gravación da mesma obra.

–4º ESO. Preparar unha mistura musical para acompañar imaxes ou textos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

A materia de Música fai unha contribución extraordinaria ó plan de convivencia debido ós requisitos para a interpretación musical en grupo (presente nos contidos de todos os niveis de ESO). Estes requisitos son as actitudes construtivas no grupo así como de respecto por todos os compañeiros e compañeiras. Este tipo de actividades poden axudar ó alumnado a comprender na práctica os efectos positivos que a colaboración construtiva e o respecto mutuo teñen para a persoa e para o grupo. Complementariamente poden por en evidencia o efecto destrutivo que se deriva das actitudes que non teñen en conta o ben común.

Para reforzar estes aspectos durante as actividades de interpretación musical en grupo o profesorado fará referencia explícita ó paralelismo existente entre o funcionamento do individuo no grupo musical co do funcionamento do individuo na sociedade. Moitas veces o alumnado con comportamentos máis disruptivos dificulta tamén o desenvolvemento das interpretacións en grupo, polo que son un contexto apropiado para facilitar un cambio de actitude.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaremos os instrumentos cos que está dotada a aula (instrumentos de placas; frautas contralto, tenor e baixo; instrumentos de percusión), o equipo de son, libros e CDS dispoñibles na aula e no departamento así como todo o material de acceso gratuíto na internet.

Nas sesións nas que se requiran equipos informáticos recorreremos á aula de informática do centro.

LIBROS DE TEXTO

1. Para a Música de 2º de ESO o libro da editorial Mac Graw Hill "Clave A" de Miguel Angel López e outros.
2. Para a Música de 3º de ESO o libro da editorial Mac Graw Hill "Clave B" de Miguel Angel López e outros.
3. Para a Música de 4º de ESO o libro da editorial Mac Graw Hill "Clave C", de José Palazón e outros.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a proximidade do noso centro ó Conservatorio Superior de Música de Vigo dese hai dous cursos vimos colaborando para a participación do noso alumnado en actividades do conservatorio así como a realización de actividades do conservatorio no noso centro para o noso alumnado.

Este curso pretendemos levar o alumnado dun nivel de ESO (de 2º o de 3º) ó conservatorio para asistir a un concerto didáctico. Ademais pretendemos traer un concerto didáctico do alumnado do Conservatorio ó noso centro. A realización destas actividades e os grupos que participarán nas mesmas dependerán da oferta que nos faga a persoa vicedirectora do Conservatorio.

Para o alumnado de 4º ESO proporemos a asistencia a concertos realizados na cidade de Vigo co fin de poñelos en contacto coa realidade musical da nosa cidade.

Ademais de todo o anterior pretendemos que o noso alumnado participe nos actos do instituto presentando as obras preparadas nas clases. Esta participación estará condicionada polo nivel acadado na marcha normal do curso, dado que consideramos que non é positivo alterar o normal desenvolvemento do mesmo para acadar un nivel determinado.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A programación será avaliada no transcurso do curso nas xuntanzas de departamento. O procedemento fundamental será a observación da evolución do alumnado e a posta en común entre os membros do departamento.

Será importante valorar o nivel acadado polo alumnado nos distintos procedementos de avaliación.

Así mesmo observaremos se a temporalización se vai cumprindo.

BACHARELATO

MÚSICA: EXPRESIÓN VOCAL

Optativa en 1º de bacharelato, plan LOE

INTRODUCCIÓN.

A música faise presente nas nosas vidas dun xeito cada vez máis relevante. Como arte, acompáñanos como experiencia estética, achegando ás nosas vidas un grao de beleza e gozo artístico como poucas outras artes poden transmitir. Como espectáculo, a música acontece de distintas formas, abrindo un amplo abano comunicativo a todas as idades, sexos e clases sociais.

Pola súa banda, a música ocupa un papel cada vez máis decisivo dentro da cultura de ocio en que vivimos hoxe en día; especialmente, a industria discográfica, os grandes festivais para xente nova e o comercio musical a pequena e a grande escala.

Axudar a crear unha conciencia crítica e de consumo responsable no ocio é unha tarefa en que a escola debe ocupar un lugar destacado.

A música presenta tamén outra vertente que é a epistemolóxica, a que considera a música como fonte propia de coñecemento e, polo tanto, como obxecto de estudo, análise e investigación. É por isto polo que a música, como materia, atopa no bacharelato un lugar idóneo en que afondar neste eido. Nesta etapa educativa, o alumnado xa é quen de aprender os aspectos históricos, ontolóxicos e expresivos inherentes a esta disciplina.

A etapa madurativa en que se atopa o alumnado de 1º de Bacharelato, permítelle achegarse á música cos criterios científicos propios das ciencias sociais o mesmo que lle permite participar da experiencia estética cun grao máis amplo de esixencia e sentido crítico que nas etapas anteriores.

Esta materia optativa ten como finalidade a expresión, a análise, a comprensión e a revalorización do canto, nunha sociedade como a galega en que o canto colectivo ten sido sinal de identidade durante séculos e que está a esmorecer, facéndose así mesmo eco dunha converxencia de criterios coas directrices europeas, nas cales se opta cada vez máis por introducir o canto nos seus currículos educativos.

Hai moitas pontes entre esta materia e outros contidos curriculares, xa que a expresión vocal incide nas habilidades lingüísticas do alumnado, nas súas capacidades expresivas, nas artísticas e nas de participación solidaria. En efecto, a voz é o instrumento máis democrático que existe, xa que apenas require pouco máis que a si mesma para soar.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES do Castro atópase no centro da cidade de Vigo, polo que o seu alumnado é de procedencia urbana.

Os nosos grupos de alumnos e alumnas son bastante heteroxéneos, con estudantes de todo tipo. Polo que se refire especificamente á materia de Expresión Vocal esta heteroxeneidade é especialmente destacable dado que na maioría dos grupos temos algúns alumnos e alumnas que están realizando estudos musicais nos conservatorios ou escolas de música da cidade.

En xeral o noso alumnado ten acceso a un ordenador e a internet no seu fogar. En todo caso no centro hai ordenadores a disposición na biblioteca que poden ser utilizados fora do horario lectivo (recreos e dúas tardes á semana). Isto facilita o uso das TIC nas nosas propostas.

Os grupos de bacharelato están compostos por alumnado procedente do noso centro e doutros centros da cidade. Isto fai que sexa especialmente importante crear espazos para potenciar a relación e integración de todo o alumnado. O uso libre da voz só é posible nun espacio seguro construído na confianza, onde sexa posible equivocarse sen temer ser ridiculizado.

Contamos cun aula de música be dotada de instrumentos e equipo de son pero pequena para albergar ós grupos grandes, o cal dificultará o desenvolvemento das actividades que esixan movemento corporal.

OBXECTIVOS

1. Aprender a empregar axeitadamente os recursos vocais, a non falar por riba das nosas posibilidades e a evitar o ruído ambiente.
2. Manexar unha técnica vocal básica que evite patoloxías da voz e das cordas vocais.
3. Ser quen de utilizar correctamente o rexistro máis axeitado da voz.
4. Coñecer e empregar as técnicas básicas de preparación da voz, na tesitura e colocación axeitada.
5. Aprender a controlar a respiración ao mesmo tempo que se canta ou fala.
6. Aprender e disfrutar das posibilidades técnicas da voz que permiten cantar en grupo.
7. Desenvolver os coñecementos básicos que permitan a improvisación e a creación vocal individual.
8. Coñecer, respectar e divulgar o repertorio musical vocal de Galicia, tanto o derivado do folclore e da música popular, como o propio da música clásica.

9. Respetar a música propia como sinal de identidade dun pobo.
10. Recoñecer as formas vocais doutras culturas como base de riqueza intercultural dos nosos tempos.
11. Identificar e/ou interpretar as cancións e formas vocais propias da cultura occidental, así como doutras culturas, enmarcándoas nos seus respectivos eixes cronolóxicos, preferentemente con acompañamento instrumental.
12. Colaborar na comprensión doutras culturas e civilizacións a través da súa achega ao mundo musical.
13. Aprender a compartir, canalizar as emocións e os sentimentos a través do canto e da súa práctica en grupo.
14. Recoñecer e valorar o gozo que proporciona a cada persoa o feito de cantar, individualmente ou en grupo, con ou sen acompañamento instrumental.
15. Coñecer a evolución e características da voz humana e do canto ata hoxe en día.

CONTIDOS

1. **Coidado e hixiene da voz.** O sistema fonador, as súas características fisiolóxicas: glote, pulmóns e resoadores (farinxe, larinxe, boca, etc.). A fonación: natureza e características. Exercicios e técnicas da emisión da voz. Disfonías, afonías e outros trastornos da voz. A respiración costo-diafragmática abdominal. Apoio da voz no diafragma e control da dosificación do aire ao falar e ao cantar. Eutonía (colocación da larinxe para unha óptima fonación).

2. **Vocalización e articulación.** Atopar a tesitura axeitada a cada alumno e alumna. Exercicios de respiración e relaxación. Exercicios de vocalización e preparación da voz. Perfeccionamento dos aspectos técnicos da interpretación vocal. Exercicios de axilidade vocal. Traballo sobre a coloratura vocal propia.

3. **Repertorio** galego, da cultura occidental e do mundo. Cancións e música vocal do repertorio galego para as distintas épocas do ano. Cancións de ruada, maios, cancións de ronda, de vendima, de colleita, etc. Relación da etnomusicoloxía coa socioloxía e antropoloxía galega: os cancioneros. Improvisación, creación e interpretación de obras vocais de creación propia. Tipoloxías de cancións no ámbito da música urbana: habaneras, boleros, canción protesta, new wave, canción de autor, etc. Tipoloxías de cancións no ámbito da música culta: canción galega, melodie francaise, lied, romanza, aria, cavatina, cavaletta, etc. As cancións asociadas aos movementos sociais actuais: punk, rock, pop, música electrónica, etc. Acompañamento axeitado destas cancións e formas musicais cos instrumentos da aula.

4. **A voz como fonte de terapia.** A improvisación como forma de autocoñecemento. A voz e a música como expresión propia de sentimentos e emocións. A expresión do grito, da risa, do choro, en contextos emocionais dados. A identificación dalgunhas cancións con

determinados estados de ánimo. A interiorización do son e do silencio como base emocional vital.

5. **Historia do canto.** Características do canto gregoriano. O inicio da voz operística: o bel canto e o verismo. O papel do cantante nas distintas sociedades: os tenores de bravura, os castrati, as sopranos de coloratura, os e as cantantes actuais e os medios de comunicación de masas. Canto e fala na tradición vocal galega e española. Características propias: alalás, aturuxo, saetas, etc. As novas vocalizacións na música contemporánea: o grito, a fonalización, a risa, etc., asociados aos compositores do século XX.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Aplicar os coñecementos adquiridos para unha correcta posición e hixiene da voz, tanto na vida cotiá como en contextos de interpretación musical.

Con este criterio trátase de apreciar mediante probas e exercicios correctores a axeitada asimilación dos contidos da materia, tanto de forma individual como en grupo.

2. Recoñecer a estrutura dunha canción, a partir da partitura, do seu canto e da súa audición.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade para comprender a forma e a estrutura subxacente nunha canción concreta. Ao mesmo tempo, trátase de avaliar se unha forma vocal concreta é recoñecida no seu contexto histórico e xeográfico concreto.

3. Distinguir na audición dunha canción ou forma musical as diferentes voces e instrumentos.

Con este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para distinguir o timbre e as tesituras das distintas voces, calquera que sexa a súa combinación.

4. Interpretar con acompañamento instrumental cancións de características e estilos diversos e recoñecer as diferenzas e/ou relacións entre elas, utilizando posteriormente, se se desexa, a partitura.

Con este criterio poderase valorar a capacidade para distinguir aspectos concretos, tanto do estilo, como da coloratura e do rexistro da voz, así como a pertenza desa obra a unha determinada época, xeografía, xénero ou estilo.

5. Recoñecer aquelas características dunha forma vocal concreta que producen ou potencian determinados sentimentos e emocións.

Con este criterio preténdese que o alumnado sexa quen de coñecerse a si mesmo, a través das emocións que o configuran como ser humano, ao mesmo tempo que facilitarlle as ferramentas básicas para empregar ese coñecemento na súa construción e equilibrio emocional.

6. Realizar pequenos arranxos ou cancións, con ou sen acompañamento instrumental.

Con este criterio avaliarase o dominio básico que o alumnado teña sobre a linguaxe musical, así como o desenvolvemento da súa creatividade.

SECUENCIA DE CONTIDOS

No desenvolvemento de actividades desta materia os contidos dos distintos bloques estarán intimamente entrelazados, especialmente os dos catro primeiros. Así o coñecemento do aparato fonador se realizará na práctica na realización de exercicios de preparación para a emisión vocal e na interpretación das cancións do repertorio. Poderíamos dicir que os dous primeiros bloques (coidado e hixiene da voz e vocalización e articulación) formarán parte de todas as clases nas que se faga interpretación vocal e a secuencia será o grado de complexidade e destreza que se irá facendo maior a medida que o alumnado avance na práctica. Este traballo partirá da profundización no coñecemento sensorial do propio corpo e na profundización da conexión co mesmo. Traballaremos a emisión vocal a partir dun corpo desperto e habitado, fuxindo de actuacións meramente mecánicas. Esta profundidade se acadará progresivamente no curso

Non haberá unha secuencia determinada do repertorio. Iremos avanzando en función dos intereses do alumnado, alternando cancións máis fáciles de asimilar con aquelas que están máis lonxe dos seus intereses, tratando de despertar inquedanzas novas.

A voz como fonte de terapia tamén estará presente con absoluta continuidade nas actividades de interpretación e audición ó longo do curso. De feito farán en certo modo de fío condutor, dado que as actividades irán encamiñadas a que o alumnado, mediante o uso da voz e a audición de distintas músicas, vaia coñecéndose, despertando as propias potencialidades, aprendendo a consumir a música dun xeito cada vez máis consciente. Así mesmo o silencio será un gran protagonista nas nosas clases, sempre haberá un momento de silencio para conectar co propio espazo interior, a partir do que o son xurdirá dun xeito máis consciente e enriquecedor, tratando de fuxir do uso indiscriminado e acrítico da propia voz e da música en xeral.

Para guiar o desenvolvemento das clases utilizaremos como punto de partida a música do entorno do alumnado. Dedicaremos períodos do curso a temas para que eles e elas aporten cancións. A partir destas cancións traballaremos todos os aspectos auditivos, teóricos e de valores. Estes temas son os seguintes:

- A música no meu entorno familiar (xeración dos avós e avoas, xeración dos pais e nais)
- A música da miña xeración
- As grandes voces
- Os estilos musicais desde o jazz ata hoxe en día
- A música vocal e as emocións

Por último o bloque de contidos Historia do canto seguirá a secuencia seguinte:

- Características do canto gregoriano.
- O inicio da voz operística: o bel canto e o verismo.

- O papel do cantante nas distintas sociedades: os tenores de bravura, os castrati, as sopranos de coloratura, os e as cantantes actuais e os medios de comunicación de masas.
- Canto e fala na tradición vocal galega e española. Características propias: alalás, aturuxo, saetas, etc.
- As novas vocalizacións na música contemporánea: o grito, a fonalización, a risa, etc., asociados aos compositores do século XX.

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

- A música no meu entorno familiar (xeración dos avós e avoas, xeración dos pais e nais)
- A música da miña xeración
- As grandes voces

2º TRIMESTRE

- Os estilos musicais desde o jazz ata hoxe en día

3º TRIMESTRE

- A música vocal e as emocións

PARA OS CONTIDOS TEÓRICOS

1º TRIMESTRE

- Características do canto gregoriano.
- O inicio da voz operística: o bel canto e o verismo.
- O papel do cantante nas distintas sociedades: os tenores de bravura, os castrati, as sopranos de coloratura, os e as cantantes actuais e os medios de comunicación de masas.

2º TRIMESTRE

- Canto e fala na tradición vocal galega e española. Características propias: alalás, aturuxo, saetas, etc.

3º TRIMESTRE

- As novas vocalizacións na música contemporánea: o grito, a fonalización, a risa, etc., asociados aos compositores do século XX.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Coidado e hixiene da voz. O sistema fonador, as súas características fisiolóxicas: glote, pulmóns e resoadores. A fonación: natureza e características. Exercicios e técnicas da emisión da voz. A respiración costo-diafragmática abdominal. Apoio da voz no diafragma e control da dosificación do aire ao cantar. Eutonía (colocación do corpo para unha óptima fonación).

Vocalización e articulación. Atopar a tesitura axeitada a cada alumno e alumna. Respiración e relaxación. Exercicios de vocalización e preparación da voz. Perfeccionamento dos aspectos técnicos da interpretación vocal.

Repertorio. Cancións e música vocal do repertorio galego. Improvisación, creación e interpretación de obras vocais de creación propia. Tipoloxías de cancións no ámbito da música urbana. As cancións asociadas aos movementos sociais actuais: punk, rock, pop, música electrónica, etc.

A voz como fonte de terapia. A improvisación como forma de autoconhecimento. A voz e a música como expresión propia de sentimentos e emocións. A expresión do grito, da risa, do choro, en contextos emocionais dados. A identificación dalgunhas cancións con determinados estados de ánimo. A interiorización do son e do silencio como base emocional vital.

Historia do canto. O papel do cantante nas distintas sociedades. Os e as cantantes actuais e os medios de comunicación de masas. As novas vocalizacións na música contemporánea: o grito, a fonalización, a risa, etc., asociados aos compositores do século XX.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Esta materia é eminentemente práctica. A avaliación farase mediante a observación da participación do alumnado nos exercicios de preparación para a emisión vocal, así como a nos traballos de emisión vocal, improvisación e canto e nas actividades de audición.

Haberá probas específicas para ver o avance de cada alumno e alumna. Estas probas faranse en pequenos grupos e ocasionalmente individuais (se as probas anteriores non permiten unha valoración axustada ou se as características do estudante así o permiten)

O alumnado terá que realizar pequenos traballos escritos cada avaliación comunicando a súa reflexión sobre distintos aspectos da voz, da súa relación coa voz ou distintos aspectos do ser humano profundamente relacionados coa emisión vocal. Así mesmo terá que aportar distintos exemplos de obras musicais que ilustren algúns dos aspectos traballados na clase.

Os aspectos máis teóricos da materia serán abordados mediante traballos realizados en grupo polo alumnado e expostos ó conxunto do grupo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Neste curso será fundamental a participación na clase, dado o carácter eminentemente práctico da materia. Debido a isto a participación nos exercicios de preparación para a emisión vocal, así como a participación nos traballos de emisión vocal, improvisación e canto e nas actividades de audición terá un peso do 60% na nota. Valorarase moito o interese co que o alumnado participe así como a súa aportación ó conxunto, aínda que tamén se valorará a evolución persoal de cada alumno e alumna dentro deste traballo de grupo.

Os pequenos traballos escritos de reflexión sobre distintos aspectos da voz, da súa relación coa voz ou distintos aspectos do ser humano profundamente relacionados coa emisión vocal, a aportación de distintos exemplos de obras musicais que ilustren algúns dos aspectos traballados na clase e os traballos sobre aspectos teóricos terán un peso do 40% na nota (20% os escritos de reflexión, 10% os traballos teóricos e 10% a aportación de exemplos musicais)

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS

- Realización de exercicios de entoación.
- Posta en común dos conceptos relacionados co canto e o uso da voz na vida cotidiana.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía que utilizaremos na materia de Expresión Vocal será fundamentalmente práctica. Non queremos perder de vista que a Música é ante todo un arte e consideramos que a nosa materia ten que estar ó servizo do disfrute e enriquecemento persoal, por iso os contidos teóricos tenderán sempre a apoiar isto. Con este fin os contidos teóricos serán na medida do posible complementados cunha actividade práctica (tanto na audición como na interpretación).

Combinaremos o traballo individual co traballo de grupo tanto nos aspectos de interpretación musical como na realización de traballos teóricos.

Usaremos unha metodoloxía activa dando o maior protagonismo posible ó propio alumnado nos seus procesos de aprendizaxe, abrindo espazos para a busca de información, a reflexión e o compartir entre compañeiras e compañeiros.

Dado que o aspecto fundamental desta materia é a voz, terán unha presenza fundamental as dinámicas de consciencia corporal e e actividades físicas que axuden ó alumnado a conectar co potencial vocal

Ademais será activa na busca de información, na reflexión, elaboración e exposición de ideas, dando espazo o alumnado para desenvolver a propia autonomía no proceso de aprendizaxe.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na materia de música é habitual atopar unha gran diversidade entre o alumnado debido a presenza de estudantes de música en conservatorio así como a de estudantes que presentan dificultades no desenvolvemento de destrezas musicais. Debido a isto é fundamental atender á diversidade. Isto farémolo dando opcións de partituras de diferente dificultade así como na escolla de instrumentos nas obras interpretadas en grupo. Tamén se dará a opción de escoller instrumentos que se adapten máis ás capacidades do alumno ou alumna (por exemplo dando a opción da frauta contralto ó alumando máis avanzado).

Nos casos necesarios darase a posibilidade de facer traballos de ampliación.

Tamén recorreremos á titoría entre iguais, dando a posibilidade ó alumnado máis avanzado de axudar ós seus compañeiros e compañeiras. Deste xeito poden arraigar máis profundamente o seu propio coñecemento e para a persoa que recibe a titoría abrimos unha nova posibilidade de aprendizaxe.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A materia de música permítenos estimular o desenvolvemento de valores específicos no alumnado.

En primeiro lugar o respecto ó ben común, dado que continuamente na aula de música utilizaremos os instrumentos de propiedade colectiva que o alumnado terá que coidar para que este se manteña en condicións de uso para os outros grupos e para grupos de vindeiros cursos (este valor sumaríase ó de coidado do propio material que sen dúbida será traballado en todas as áreas e materias).

Tamén traballaremos os valores que se derivan da interpretación en grupo, que require actitudes construtivas así como de respecto por todos os compañeiros e compañeiras. Este tipo de actividades poden axudar ó alumnado a comprender na práctica os efectos positivos que a colaboración construtiva e o respecto mutuo teñen para a persoa e para o grupo. Complementariamente poden por en evidencia o efecto destrutivo que se deriva das actitudes que non teñen en conta o ben común reforzando así estes valores.

Para reforzar estes aspectos durante as actividades de interpretación musical en grupo o profesorado fará referencia explícita ó paralelismo existente entre o funcionamento do individuo no grupo musical co do funcionamento do individuo na sociedade.

Ademais na materia de música podemos contribuír ó desenvolvemento do valor de solidariedade. Na maioría dos grupos contamos con algúns alumnos e alumnas que estudan música no conservatorio. Eles e elas terán a ocasión de axudar ó alumnado con máis dificultades. Este valor tamén se desenvolve ó estimular a inclusión de todo o alumnado nas interpretacións en grupo, independentemente da súa destreza.

Un punto de especial importancia no que se refire ós valores é o do respecto polo gusto das outras persoas. Nestas idades é frecuente a identificación con determinados grupos e

estilos musicais para reforzar a propia identidade. Moitas veces esta identificación faise a expensas dunha oposición a outros grupos ou estilos musicais, o que leva a un xuízo e exclusión de persoas polo seu gusto musical (e doutros tipos). Debido a isto nesta materia temos a importantísima labor de axudar ó alumnado a desenvolver actitudes tolerantes e abertas cara expresións artísticas de todo tipo e ás preferencias de toda persoa.

Consideramos especialmente destacable a contribución que esta materia pode facer para desenvolver no alumnado o respecto por manifestacións culturais de outros pobos, dado que estas forman parte da programación e moitas veces son usadas músicas de distintos contextos culturais.

A materia de Expresión Vocal pode axudar ó alumno o alumna a ó autocoñecerse, a ver en que medida se permite expresarse e valora a propia expresión, en que medida ocupa o seu lugar no mundo. O uso da propia voz pon de manifesto o estado da autoestima e axuda á mellora desta. Tamén contribúe a desenvolver unha saudable relación co corpo, dado que este é o instrumento da voz.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Lectura e comentario de letras de cancións atendendo ó contido das mesmas e ós valores que transmiten así como a súa idoneidade para ser cantadas.
- Lectura de relatos breves para seleccionar un e realizar un traballo de sonorización usando elementos vocais.
- Lectura de textos asociados cos procedementos de desenvolvemento das capacidades vocais.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Busca de información para os traballos escritos e de exposición oral. Esta acción contribúe tamén ó fomento da lectura.
- Uso do programa Audacity para crear música a partir de misturas. O alumnado preparará unha mistura musical para acompañar un texto declamado polos propios alumnos e alumnas.
- Elaboración dun mix de músicas cun programa dj. Esta base pode ser utilizada para cantar sobre ela un rap creado polo alumnado.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A materia de Música fai unha contribución extraordinaria ó plan de convivencia debido ós requisitos para a interpretación musical en grupo. Estes requisitos son as actitudes construtivas no grupo así como de respecto por todos os compañeiros e compañeiras. Este tipo de actividades poden axudar ó alumnado a comprender na práctica os efectos positivos que a colaboración construtiva e o respecto mutuo teñen para a persoa e para o grupo. Complementariamente poden por en evidencia o efecto destrutivo que se deriva das actitudes que non teñen en conta o ben común.

Para reforzar estes aspectos durante as actividades de interpretación musical en grupo o profesorado fará referencia explícita ó paralelismo existente entre o funcionamento do individuo no grupo musical co do funcionamento do individuo na sociedade. Moitas veces o alumnado con comportamentos máis disruptivos dificulta tamén o desenvolvemento das interpretacións en grupo, polo que son un contexto apropiado para facilitar un cambio de actitude.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaremos os instrumentos cos que está dotada a aula (instrumentos de placas; frautas contralto, tenor e baixo; instrumentos de percusión), o equipo de son, libros e CDS dispoñibles na aula e no departamento así como todo o material de acceso gratuíto na internet.

Nas sesións nas que se requiran equipos informáticos recorreremos á aula de informática do centro.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Crearemos un espazo para compartir información sobre os concertos que terán lugar na cidade de Vigo (ou en cidades e vilas próximas). Nos casos de interese para apoiar o desenvolvemento da nosa materia o profesor fará unha proposta de asistencia a concertos determinados.

Ó longo do curso farase un traballo de sensibilización sensorial. Se as condicións materiais e organizativas do centro o permiten sería interesante realizar unha saída a un lugar cun entorno natural especialmente interesante para profundizar en actividades deste tipo.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A programación será avaliada no transcurso do curso nas xuntanzas de departamento. O procedemento fundamental será a observación da evolución do alumnado e a posta en común entre os membros do departamento.

Será importante valorar o nivel acadado polo alumnado nos distintos procedementos de avaliación.

Así mesmo observaremos se a temporalización se vai cumprindo.

VIGO, 17 DE SETEMBRO DE 2012

JORGE DOMONTE PEREIRO

XEFE DE DEPARTAMENTO

ROSALÍA POLO CAL